

PEZA DO MES

marzo

2020



**DENARIO DE VESPASIANO
CAMPAMENTO DE AQUAE QUERQUENNAE**



Denario de Vespasiano. Campamento de *Aquae Querquennae*

Contexto arqueolóxico: O campamento militar de *Aquae Querquennae* (Porto Quintela, Bande, Ourense) posúe unha planta rectangular coas esquinas redondeadas e abrangue unha superficie interna próxima ás 2,6 ha. Trátase dun recinto castrense construído en época alto-imperial romana con carácter permanente (*castra stativa*).

Nel descubríronse e consolidáronse importantes restos arquitectónicos. Entre eles cómpre resaltar un tramo significativo de muralla (*vallum*) con torres cadradas dispostas a intervalos regulares, un foxo (*fossa fastigata*), parte da vía que circunda internamente o campamento (*via sagularis*), tres das catro entradas (*porta principalis sinistra*, *porta principalis dextra* e *porta decumana*), o hospital (*valetudinarium*), varios barracóns para os soldados (*centuriae*), o cuartel xeral (*principia*) e o emprazamento das latrinas (*latrinae*). Segundo o estado actual das investigacións, aquí estivo acantoadado un continxente de tropas dependente da legio VII Gemina, lexión acantoadada en León (*Legio*). O achado dun fragmento de tella plana (tegula) con selo (*sigillum*) proporcionou o nome da unidade destinada a *Aquae Querquennae*. Nese selo pódese ler a marca CII[I], interpretada como *cohors III*. En base a ela, xunto á disposición e a arquitectura dos edificios campamentais unidas aos diferentes achados arqueolóxicos, estableceuse a hipótese da presenza dunha cohorte mixta, composta por soldados de infantaría e tropas de cabalaría. Este forte ergueuse para a construción e vixilancia da vía XVIII do Itinerario de Antonino, tamén coñecida na historiografía como Vía Nova, que unía as localidades de Braga (*Bracara Augusta*) e Astorga (*Asturica*

Augusta), por cuxo motivo nas súas inmediacións se estableceu unha mansión viaria (*mansio*).

Este asentamento permanecerá ocupado pola mencionada unidade militar durante un curto período de tempo: desde a súa construción ca. 74/75 d. C., durante o mandato do emperador Vespasiano, o primeiro da dinastía Flavia, ata o seu abandono definitivo a finais do goberno de Traxano ou, incluso, a principios do seu sucesor Adriano, ca. 120 d. C., ambos pertencentes á estirpe dos Antoninos. Segundo os datos proporcionados polas investigacións dos últimos anos, en tempos de Adriano, a cohorte III xa se atopa asentada en Dacia e acuartelada no forte de Pomet (Romanía).

As tropas acantoadas en *Aquae Querquennae* abandonaron as súas instalacións de modo pacífico; pero, pese a iso, recuperouse una cantidade de material significativo: diversos tipos de cerámica (común, terra *sigillata* hispánica, bracarense, paredes finas, gris), fíbulas, moedas (ases, denarios, dupondios), vidros, lucernas, doas de colar, taboleiros de xogo, instrumental médico-cirúrxico, materiais de construción (ladrillos, tellas planas e curvas, cravos, grampas) e, por suposto, restos do armamento e equipamento militar dos soldados (fragmentos de espadas, puntas de lanza e regatóns, dardos para lanzar con catapultas, elementos correspondentes aos arreos dos cabalos), etc. Estes achados axudan a afondar no coñecemento da vida cotiá dos soldados.

O establecemento dun campamento neste lugar trouxo consigo un desenvolvemento urbanístico que se ve reflectido nas súas inmediacións coa aparición coetánea dunha aglomeración civil (*vicus militaris*) e a mansión viaria antes citada, que constituía un dos enclaves oficiais reflectidos no Itinerario de Antonino. Estes núcleos emerxentes contribuirán

decisivamente á difusión da cultura romana na súa área de influencia e continuarán activos, tras a partida do continxente militar, ata o século V d. C. Este xacemento arqueolóxico posúe unha singularidade que condiciona a súa visita. O campamento atópase situado dentro do terreo inundable polo encoro das Conchas polo que, cando o nivel da auga alcanza a súa cota máxima (549 m.s.n.m.) en determinadas épocas do ano, o recinto permanece anegado.

Descrición: Esta moeda identifícase cun denario (*denarius*) cuñado en prata que foi atopado durante a campaña de escavacións arqueolóxicas realizadas no ano 2011 baixo a dirección de Santiago Ferrer Sierra. Na lista de materiais correspondente á memoria dos traballos executados figura coa sigla AQ-11/8317-262. Como consecuencia dun proceso de cuñaxe deficiente, a moeda non é redonda senón lixeiramente ovoide, presentando módulos de 17,5 mm e 11,5 mm. O numisma ten un peso de 2,9 gramos e a posición do seu eixo correspóndese coas 6 horas.

No seu anverso, o tipo representa o busto do emperador Vespasiano colocado de perfil, mirando cara á dereita, toucado cunha coroa de loureiro e parcialmente rodeado por unha lenda incompleta: [IMP CAESA]R VESPASIANVS AVG.

No seu reverso, aparece unha figura feminina en actitude lutuosa, sentada no chan cara á dereita e, ás súas costas, figura un trofeo, baixo o que se pode ler IVDAEA no exergo e distinguir un fragmento de gráfila formada a base de puntos.

Cronoloxía: Os denarios con estes tipos foron cuñados na ceca de Roma (Italia) durante o período comprendido entre os anos 69 e 71 d. C.

Paralelos: Este tipo monetario foi cuñado en cantidades elevadas, polo que a súa aparición é habitual en todos aqueles territorios que permaneceron baixo o dominio do Imperio Romano.

Referencia: H. Mattingly e E. A. Sydenham, *The Roman Imperial Coinage. Volume II. From Vespasian to Hadrian*, London 1926, p. 16, nº 15.

A numismática e a propaganda imperial: A amoedación servía para lexitimar o ascenso da nova dinastía Flavia ao poder xa que a moeda constituía un documento oficial de primeira magnitude.

No anverso figura Vespasiano (*Titus Flavius Vespasianus*) como primeiro representante da nova dinastía no poder. Tras a morte de Nerón, o último representante da dinastía Xulio-Claudia, un convulso período, coñecido como o «ano dos catro emperadores» (68-69 d. C.), sacode o Imperio romano con Galba, Otón, Vitelio e Vespasiano

involucrados en diferentes disputas por facerse co poder supremo. O conflito finalizou cando as lexións danubianas proclamaron emperador a Vespasiano, que ostentaría a púrpura imperial entre os anos 69 e 79 d. C. Deste modo, producíanse dous feitos inauditos na historia de Roma: por primeira vez, un membro alleo á dinastía Xulio-Claudia se convertía na máxima autoridade imperial e, ademais, a súa elección producíase no limes danubiano, é dicir, Roma, a capital por antonomasia, xa non era o único lugar onde se podía nomear oficialmente a un emperador.

Pola súa banda, no reverso ponse énfase nun acontecemento bélico de gran relevancia: a finalización da primeira Guerra Xudeu-Romana iniciada no ano 66 d. C. Deste modo o territorio pacificado, Xudea, represéntase por medio dunha personificación: unha muller en actitude de dó coa cabeza apoiada sobre unha man e, ás súas costas, un trofeo (latín: *tropaeum*; grego: *tropaion*) composto por un manequín e un amontoamento de armas aos seus pés que consta de dous escudos de gran tamaño e simbolizan a derrota do inimigo. Este tipo de manequíns erixíase despois dunha vitoria e, polo xeral, constaban dunha estrutura de madeira en forma de cruz latina sobre a cal se colocaban un casco (*galea ou cassis*), unha coiraza (*lorica*), un par de grebas (*ocreae*) e dous escudos (*scuta*), un oval e outro circular. Noutro tipo de emisións aparece a figura acompañada dunha palmeira (símbolo do territorio sometido) e a lenda IVDAEA CAPTA, é dicir, «Xudea capturada».

Funcións da moeda: Ademais do carácter propagandístico citado, os numismas tiñan unha función económica básica ao seren utilizados en transaccións comerciais como método de pagamento. Así mesmo, coa moeda satisfacíanse tanto o pagamento regular (*stipendium*) ao exército como aqueles extraordinarios (*donativa*) concedidos, por exemplo, cando un novo emperador accedía ao poder.

As moedas tiñan unha función apotropaica (amuletos), funeraria (compoñente do enxoval del defunto), votiva (ofrenda ás divindades, en especial, a aquelas vinculadas con augas consideradas sagradas), decorativa (moedas perforadas para levar penduradas do pescozo ou remachadas en cintos), fundacional (enterradas baixo o pavimento dunha construción) ou lúdico (empregadas no xogo coñecido como «caput aut navis», semellante ao actual «cara ou cruz»).

Lugar de conservación: A moeda forma parte dos fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense onde figura rexistrada co número de inventario DX1211/2.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:


EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Tomás Vega Avelaira


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021



 XUNTA DE GALICIA